

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 23 / FEBREIRO/ 2000**

SUMARIO

- 1.- DECLARACIÓN DE URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN
- 2.- PROPOSTA DE ACORDO DO CONCELLO DE REDONDELA, EN RELACIÓN COS ASASINATOS DE- D. FERNANDO BUESA E D. JORGE DIEZ.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as dezanote horas e cuarenta e cinco minutos do **día vintetrés de febreiro do ano dous mil**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO, e a asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as: D. MANUEL JAVIER NÚÑEZ SALGADO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, DONA. M^a DEL PILAR MARTÍNEZ GONZÁLEZ, DONA. M^a DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D^a. M^a. DEL CARMEN RODRÍGUEZ RIVAS, D. MANUEL RAMÓN CONDE ROMERO, D. EMILIO SÁNCHEZ SANTORIO, D^a. AURORA ALONSO MONTEAGUDO, D. FRANCISCO ANTONIO LAGO MELÓN, D. JOSE LUIS ALONSO BASTOS, D. MANUEL PUENTES SAAVEDRA, D. LUIS MÍGUEZ BOULLOSA, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, DONA. CECILIA PÉREZ ORGE, D. XOSÉ LUIS GRANDE GRANDE e DONA. ÁNXELES GONZÁLEZ GÓMEZ, actuando como Secretario o titular da Corporación D. LUÍS TORRADO VÁZQUEZ, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día remitida a tódolos Sres/as Concelleiros/as.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- DECLARACIÓN DE URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN

Non poidendo ser convocada a presente sesión dentro do prazo legal regulamentario, por razón de urxencia, faíse preciso que polo Concello Pleno se adopte acorde respecto á declaración de urxencia da presente sesión.

Este Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes, acordou a urxencia da presente sesión procedendose a tratar o seguinte asunto.

2.-PROPOSTA DE ACORDO DO CONCELLO DE REDONDELA, EN RELACIÓN COS ASASINATOS DE- D. FERNANDO BUESA E D. JORGE DIEZ.

Pola Presidencia dase lectura á moción presentada polos voceiros de tódolos grupos políticos con representación neste Concello que dí:

Serie A N.º 1175828

Ante o asasinato dos servidores públicos FERNANDO BUESA e JORGE DÍEZ, Secretario Xeral do PSE-EE de Álava e voceiro socialista no Parlamento Vasco e ertzaina respectivamente, pola banda terrorista e mafiosa de ETA, a Corporación do Concello de Redondela en Pleno adopta o seguinte acordo:

1º).- Manifesta-la nosa más enéxica condena, repulsa e indignación polos feitos acontecidos.

2º).- Rechaza-la chantaxe e a intolerancia dos que dín loitar pola liberdade, cando en realidade son un grupo de delinquentes e asasinados a soldo.

3º).- Expresa-la solidariedade do pobo de REDONDELA co sufrimento das familias de Fernando Buesa e de Jorge Díez, así como cos socialistas vascos, co Parlamento Vasco, coa Ertzaintza e con tódolos seus amigos e compañeiros, así como a nosa resposta unánime en contra da intolerancia, da violencia e a favor da paz, a vida e a liberdade.

Asimesmo pola Presidencia se lectura a escrito do Consello Político Comarcal de EU-IU de Redondela, que dí:

O Consello Político Comarcal de EU-IU de Redondela, a atención do pleno a celebrar o vindeiro día 23, **condene o brutal atentado terrorista que causou as mortes do compañeiro Fernando Buesa e a súa escolta Jorge Díez**. E convoque, na data que estime convinte, unha concentración pacífica dos cidadáns de Redondela ante o Concello para manifestar a súa total condena ó terrorista de ETA e os seus actos criminais.

Este Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes acordou prestarlle a súa aprobación á moción antes transcrita.

Seguidamente e seguindo indicación do Sr. Presidente desta Corporación tódolos/as Sres/as Concelleiros/as da mesma asistentes a esta sesión extraordinaria e urxente, posto en pé gardaron un minuto de licencio.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende a volta do folio vintecinco do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A 1175827, ata o folio vinteseis Serie A nº 1175828, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo: Xaime Rei Barreiro

Asdo: Luís Torrado Vázquez

PEL NUMERADO
CORPORACIÓN
LOCAIS